

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

17631 *Real decreto 1494/2011, do 24 de outubro, polo que se regula o Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable.*

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, introduciu no ordenamento xurídico as reformas estruturais necesarias para crear aquelas condicións que favorezan un desenvolvemento económico sustentable. Dentro da definición de economía sustentable que realiza esta lei, no seu artigo 2, menciónase a necesidade de garantir o respecto ambiental e o uso racional dos recursos naturais. Ademais, a citada lei establece que a acción dos poderes públicos se debe guiar por principios como a promoción de enerxías limpas, a redución de emisións e o eficaz tratamento de residuos, así como o aforro e a eficiencia enerxética.

Neste marco, o artigo 91 da lei crea un Fondo para a compra de créditos de carbono adscrito á Secretaría de Estado de Cambio Climático, co obxecto de xerar actividade económica baixa en carbono e contribuír ao cumprimento dos obxectivos sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por España.

Coa creación deste Fondo, o Goberno de España, igual que o doutros países da Unión Europea, dótase dun instrumento de grande utilidade para dar continuidade á súa participación nos mercados de carbono, permitindo aproveitar as oportunidades que ofrecen para lograr reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro de maneira eficiente en canto aos custos.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, define no seu artigo 91 os elementos esenciais que determinan a organización e funcionamento do Fondo, e na súa disposición derradeira quincuaxésimo novena, autoriza o Consello de Ministros a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei. Tendo en conta o anterior, o obxecto deste real decreto é desenvolver e dar concreción ao disposto no artigo 91 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de cara a unha efectiva posta en funcionamento do Fondo.

No que concirne á estrutura desta norma, o real decreto conta con 16 artigos, divididos en tres capítulos e tres disposicións derradeiras.

O primeiro capítulo contén unha serie de disposicións xerais, que establecen a denominación e os obxectivos do Fondo.

En canto aos obxectivos, cabe destacar que o Fondo está destinado a ser unha ferramenta de apoio á transformación do sistema produtivo español nun modelo baixo en emisións de gases de efecto invernadoiro, que impulsa a actividade das empresas nos sectores asociados á loita contra o cambio climático mediante a adquisición de créditos de carbono e contribúe deste modo ao cumprimento dos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por España. O real decreto contén unha definición do que se debe entender por créditos de carbono, acorde coa normativa existente na materia, e que permite abranguer os diferentes tipos de unidades.

Dentro das disposicións xerais, inclúese un precepto dedicado á natureza xurídica do Fondo que, seguindo o marcado na lei, se constitúe como un fondo carente de personalidade xurídica, nos termos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

O capítulo II do real decreto contén as normas que rexerán as operacións do Fondo.

Comeza este capítulo coa previsión de que o Fondo se dedicará con carácter prioritario á adquisición de créditos de carbono, ben que tamén se prevé que poidan ser financiados a cargo das dotacións do Fondo os gastos de tipo administrativo en que poida incorrer.

O Fondo incrementará a transparencia e boa xestión dos recursos públicos investidos nos mercados de carbono, fortalecendo a coherencia das decisións no dito ámbito cos obxectivos do Goberno na política de loita contra o cambio climático e o impulso da actividade económica. Así, o Fondo poderá efectuar calquera das operacións xurídicas que se dan de maneira habitual nos mercados de carbono, tanto de adquisición como de alleamento, para o que se establece expresamente a súa capacidade para realizar operacións a través de calquera negocio xurídico habitual en dereito.

Pola súa distinta natureza, faise unha distinción entre as operacións de adquisición de créditos internacionais e as que afectan reducións verificadas de emisións derivadas de proxectos situados no territorio nacional, e establécense regras relativas á certificación das reducións de emisión para cada caso. No que se refire ao segundo tipo de operacións, as reducións adquiridas a través do Fondo deberán ser adicionais ás derivadas das exigencias ambientais e enerxéticas establecidas na lexislación vixente, requirirán a súa verificación e de ningún modo poderán ser empregadas para os efectos do cumprimento das obrigas de entrega de dereitos de emisión descritas na Lei 1/2005, do 9 de marzo, reguladora do comercio europeo de dereitos de emisión. Igualmente, os proxectos situados en territorio nacional que xeren reducións verificadas de emisión que sexan adquiridas polo Fondo non poderán en ningún momento ser recoñecidos como proxectos de aplicación conxunta nin xerar créditos susceptibles de entrega en ningún sistema vinculante de comercio de dereitos de emisión. O real decreto precisa, así mesmo, como poderán verificarse estas reducións.

Incluíronse neste real decreto previsións sobre a forma en que se poderán realizar ofertas de adquisición de créditos, guiadas, igualmente, pola idea de dar flexibilidade ao Fondo no exercicio das súas funcións. Neste sentido, as ofertas públicas de adquisición levaranse a cabo dando publicidade aos termos e condicións en que o Fondo estaría disposto a adquirir un determinado volume de créditos, ou ben invitando un grupo de vendedores a que presenten ofertas de venda de créditos.

O capítulo II deste real decreto tamén regula os aspectos financeiros do Fondo facendo unha referencia inicial aos seus recursos, que procederán tanto das achegas que anualmente se consignen nos orzamentos xerais do Estado como dos recursos derivados da xestión dos seus activos. Ademais, cabe sinalar que no preámbulo da Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, se recolle que os ingresos procedentes da poxas dos ditos dereitos se deberán destinar a políticas de cambio climático, polo que, atendendo aos seus obxectivos, os ditos ingresos se poderán destinar ao Fondo de Carbono para unha economía sustentable, de acordo co que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado.

O Fondo está habilitado para ter contas en que consignar os créditos de carbono no Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión, así como contas en euros ou noutras divisas en entidades bancarias. Como mecanismo de control do Fondo, establécese o sistema de auditoría pública por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O capítulo III está dedicado aos aspectos organizativos do Fondo e prevé a existencia dun Consello Reitor e dunha Comisión Executiva, cuxo réxime de actuación se axustará ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Consello Reitor queda definido como un órgano colexiado e de carácter interministerial, presidido pola secretaria de Estado de Cambio Climático. O Consello Reitor ten como función principal dirixir a actuación do Fondo, para o cal establecerá anualmente as directrices do Fondo para a compra de créditos de carbono. Ademais, correspóndelle, entre outras funcións, aprobar as adquisicións de créditos de carbono por un importe superior a 20 millóns de euros, autorizar as operacións de vendas de créditos de carbono, así como ditar as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento das funcións do Fondo. Así mesmo, dada a incidencia que pode ter a actividade do Fondo no que se refire ás reducións verificadas de emisións de proxectos situados en territorio

nacional nos distintos ámbitos competenciais das comunidades autónomas, prevese a participación dun representante destas no Consello Reitor.

Constitúese unha Comisión Executiva que depende do Consello Reitor e que estará presidida pola directora xeral da Oficina Española de Cambio Climático e integrada por diferentes membros con rango de subdirector xeral do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. A Comisión estará encargada da realización das operacións de adquisición, alleamento e xestión dos créditos de carbono de acordo coas directrices establecidas polo Consello Reitor. Igualmente, entre as súas funcións está a de elaborar as propostas dos convenios de colaboración, encomendas de xestión ou contratos que sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións do Fondo, para a súa subscrición polo titular da Secretaría de Estado.

O capítulo III conclúe cunha habilitación ao Consello Reitor para encomendar a xestión do Fondo a entidades que teñan atribuídas a condición de medio propio e servizo técnico da Administración, e á Comisión Executiva para contratar, subscribir convenios de colaboración con terceiros ou realizar encomendas a entidades que teñan a condición de medio propio da Administración; todo iso, co fin de garantir que o Fondo poida pedir a asistencia técnica que lle sexa necesaria para o desenvolvemento das funcións que o Fondo ten encomendadas.

Por último, inclúese unha disposición adicional onde se establece de que forma a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático actuará como órgano de coordinación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas no que se refire ás actuacións do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a actividade e organización do Fondo previsto no artigo 91 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Artigo 2. *Denominación e obxectivos do Fondo.*

1. O Fondo previsto no artigo 91 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, denominarase Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES – CO₂).

2. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable, de carácter público e adscrito á Secretaría de Estado de Cambio Climático, ten por obxecto xerar actividade económica baixa en carbono e contribuír ao cumprimento dos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por España mediante a adquisición de créditos de carbono, promovendo actuacións de ámbito nacional.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, entenderanse por créditos de carbono aquelas unidades susceptibles de transmisión que representen unha tonelada de dióxido de carbono equivalente, con independencia da súa denominación. Así, entenderanse incluídas as definidas no artigo 2, letras o) e p), da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, no artigo 2, letras f), g), h) e i), do Real decreto 1031/2007, do 20 de xullo, polo que se desenvolve o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade

do Protocolo de Quioto, as que poidan resultar de acordos internacionais no marco da Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático ou de normas de dereito comunitario europeo, así como as reducións verificadas de emisións derivadas de proxectos situados en territorio nacional de acordo co previsto neste real decreto.

Artigo 3. *Natureza do Fondo.*

O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable é un fondo carente de personalidade xurídica, nos termos previstos no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO II

Operacións do Fondo

Artigo 4. *Operacións con cargo ao Fondo.*

1. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable dedicarase á adquisición de créditos de carbono.

2. Poderanse atender con cargo ás dotacións do Fondo os gastos de administración que ocasione a súa xestión. Para estes efectos, consideraranse gastos de administración, entre outros, aqueles que lles ocasione ás entidades ás que se lles encargue a través de contrato, convenio ou encomenda de xestión, levar o Fondo; o desenvolvemento de estudos e informes necesarios para o funcionamento do Fondo e os derivados da contratación de entidades encargadas da elaboración, validación e tramitación dos documentos necesarios para o rexistro de proxectos.

Artigo 5. *Réxime xurídico aplicable ás operacións sobre créditos.*

1. As operacións de adquisición de créditos de carbono a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable poderanse instrumentalizar mediante calquera negocio xurídico válido en dereito. Os créditos de carbono adquiridos polo Fondo tamén poderán ser obxecto de permuta, así como de calquera negocio xurídico válido en dereito.

2. As operacións de adquisición de créditos de carbono non estarán suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

3. Os contratos de adquisición de créditos de carbono estarán suxeitos á lei que resulte aplicable, sexa nacional ou estranxeira.

4. Os créditos de carbono adquiridos polo Fondo constituiranse en activos do Estado e poderanse allear, en particular, se resultan innecesarios para atender os compromisos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro de España no ámbito internacional.

Artigo 6. *Adquisición de créditos internacionais.*

1. No caso de adquisición de créditos de carbono procedentes de proxectos desenvolvidos ao abeiro do Protocolo de Quioto ou outras normas de dereito internacional, darase prioridade a proxectos de eficiencia enerxética, enerxías renovables e xestión de residuos, así como a aqueles que representen un elevado compoñente de transferencia de tecnoloxía no país onde se leven a cabo.

2. Así mesmo, tomaranse en consideración as prioridades en materia de política comercial e de cooperación ao desenvolvemento.

3. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable tratará de incentivar a participación das empresas españolas nos proxectos mencionados no punto primeiro e, para iso, poderá asociar a súa actividade e recursos ás entidades e instrumentos de apoio oficial á internacionalización da empresa española.

4. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable poderá condicionar a adquisición de créditos a empresas participantes en proxectos á realización por estas de investimentos en sectores non suxeitos ao réxime de comercio de dereitos de emisión.

Artigo 7. Adquisición de reducións verificadas de emisións derivadas de proxectos situados no territorio nacional.

1. No caso da adquisición de créditos en forma de reducións verificadas de emisións de proxectos desenvolvidos en España, os proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) A súa execución non deberá vir exixida pola normativa sectorial que lles resulte de aplicación.
- b) Deberán contribuír ao cumprimento dos compromisos cuantificados de limitación ou redución de emisións asumidos por España mediante o logro de reducións que teñan reflexo no Inventario de gases de efecto invernadoiro.
- c) As reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro que xeren non procederán de instalacións suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión, co obxecto de evitar supostos de dobre contabilidade.
- d) Non poderán en ningún momento ser recoñecidos como proxectos de aplicación conxunta.

2. As reducións verificadas de emisións previstas neste artigo non se poderán utilizar no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión regulado pola Lei 1/2005, do 9 de marzo, e non serán susceptibles de entrega en ningún sistema vinculante de comercio de dereitos de emisión.

3. As reducións verificadas de emisións calcularanse de acordo coas metodoloxías aprobadas polo Consello Reitor do Fondo. A este respecto teranse especialmente en conta as metodoloxías aplicables a proxectos análogos no ámbito dos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Quioto. O Consello Reitor publicará no sitio web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as metodoloxías aprobadas.

4. O Consello Reitor determinará as prioridades do Fondo para a adquisición de reducións verificadas de emisións procedentes deste tipo de proxectos tendo en conta os beneficios ambientais, económicos e sociais asociados a eles.

En todo caso, a decisión de adquisición de créditos de carbono polo Consello Reitor ou, se é o caso, pola Comisión Executiva, deberá ser motivada, e este xustificará a adquisición dos créditos, en termos dos seguintes criterios:

- a) Eficiencia económica, de tal forma que a adquisición se leve a cabo a un custo inferior ao doutras alternativas dispoñibles.
- b) Potencial de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- c) Sustentabilidade financeira a longo prazo cos fluxos xerados polo propio proxecto, de tal forma que se garanta o carácter extraordinario das adquisicións por parte do Fondo.
- d) Adicionalidade, no sentido de que a adquisición de reducións verificadas de emisións por parte do Fondo deberá permitir superar barreiras financeiras, tecnolóxicas ou doutro tipo que dificulten a súa viabilidade.

5. En ningún caso a adquisición de reducións verificadas de emisións poderá financiar o cumprimento de obrigas exixibles na normativa vixente nin supor subvención ou achega considerada como axuda de Estado.

6. A actividade do Fondo poderase asociar a outros instrumentos públicos para o financiamento de proxectos.

Artigo 8. Certificación das reducións de emisión.

1. Para a certificación das reducións de emisións dos proxectos desenvolvidos no marco do Protocolo de Quioto ou outras normas de dereito internacional atenderase ás normas internacionais que as regulen, en función da súa natureza.

2. Para as reducións verificadas de emisións xeradas por proxectos situados no territorio nacional atenderase ás prioridades e aos requisitos que determine o Consello Reitor do Fondo, aos cales se dará publicidade. A Comisión Executiva poderá recoñecer entidades independentes para verificar as reducións de emisións, para os efectos da súa adquisición polo Fondo, en función da súa capacidade; poderá terse en conta a súa experiencia en materia de verificación no ámbito do réxime europeo de comercio de emisións ou dos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Quioto.

Artigo 9. Ofertas de adquisición de créditos.

1. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable poderá recorrer á adquisición de créditos mediante ofertas públicas dirixidas a potenciais vendedores, determinados ou non. Para estes efectos, deberá:

- a) Dar publicidade, cunha antelación mínima dun mes, aos termos e condicións en que estaría disposto a adquirir un determinado volume de créditos; ou ben,
- b) Invitar un grupo de vendedores a que lle formulen ofertas de venda de créditos, presentándolles as condicións mínimas que deben cumprir.

2. A Comisión Executiva, co visto e prace do Consello Reitor, poderá acordar directrices para a realización destes procedementos.

Artigo 10. Recursos do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable.

1. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable estará dotado coas achegas que anualmente se consignen nos orzamentos xerais do Estado.

2. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable tamén se poderá financiar cos recursos derivados de alleamento, se é o caso, dos créditos de carbono adquiridos.

Artigo 11. Contas do Fondo.

1. Para o desenvolvemento das súas funcións, o Fondo poderá contar con unha ou máis contas no Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión ou no Rexistro Comunitario nas cales consignar os créditos de carbono que adquira.

2. O Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable poderá contar, para o desenvolvemento das súas funcións, con contas en euros ou noutras divisas en entidades bancarias. A apertura dunha conta de situación de fondos en entidades distintas ao Banco de España axustarase ao disposto no artigo 109 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. A Administración xeral do Estado poderá acordar que se poñan á disposición do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable os créditos de carbono xa adquiridos por ela co obxecto de levar a cabo os negocios xurídicos que se considere oportuno sobre aqueles, sempre de conformidade cos obxectivos do Fondo. Se é o caso, os créditos serán transferidos á conta do Fondo no Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión mediante resolución da Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático.

4. As contas do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable no Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión consideraranse contas de titularidade da Administración xeral do Estado e, xa que logo, estarán exentas do pagamento de tarifas previstas na Orde MAM/1445/2006, do 9 de maio, sobre tarifas do Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión.

Artigo 12. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control deste Fondo será o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os orzamentos xerais do Estado, mencionados no artigo 2.2 da dita lei.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado controlará o Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable a través da auditoría pública, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO III

Organización

Artigo 13. *Órganos de Goberno.*

1. A administración, xestión e dirección do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable levarase a cabo a través dun Consello Reitor e da súa Comisión Executiva.

2. O réxime xurídico de actuación do Consello Reitor e da Comisión Executiva axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ambos os órganos se dotarán das súas propias regras de funcionamento, que poderán prever a realización de reunións e toma de decisións de maneira virtual, mediante o emprego de medios electrónicos.

Artigo 14. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable terá a seguinte composición:

- a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría de Estado de Cambio Climático.
- b) Vicepresidencia: a persoa titular da Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático.
- c) Vogais, nomeados pola persoa titular da Presidencia, todos eles con voz e voto:

1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

3.º Dous representantes do Ministerio de Economía e Facenda con rango de director xeral, un deles, en representación da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, e outro, en representación da Secretaría de Estado de Economía, designados polos titulares das respectivas secretarías de Estado.

4.º Tres representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con rango de director xeral, un deles, en representación da Secretaría de Estado de Comercio Exterior, outro, en representación da Secretaría de Estado de Enerxía, e outro, en representación da Secretaría Xeral de Industria, designados polos titulares das respectivas secretarías de Estado ou secretaría xeral.

5.º Un representante da Avogacía do Estado do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, designado polo titular da Secretaría de Estado de Cambio Climático.

6.º Un representante das comunidades autónomas, por proposta da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

d) Secretaría: corresponderalle a un funcionario da Subdirección Xeral de Comercio de Emisións e Mecanismos de Flexibilidade da Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático, designado polo titular da Secretaría de Estado de Cambio Climático.

En caso de cambios na organización administrativa, corresponderalles a representación no Consello Reitor ás persoas titulares dos órganos que asuman as competencias dos órganos citados no parágrafo anterior.

Os órganos aos cales corresponda a designación dos membros titulares poderán designar, para o seu nomeamento pola persoa titular da Presidencia, suplentes con rango, cando menos, de subdirector xeral, que substituirán aqueles en casos de ausencia, enfermidade ou cando concorra algunha outra causa legal xustificada.

A persoa titular da Presidencia poderá invitar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, representantes doutros departamentos ministeriais e entidades do sector público, así como persoas expertas, se o considera conveniente en función dos asuntos incluídos na orde do día, en particular, nas sesións nas cales se aborden cuestións relacionadas coas operacións previstas no artigo 7.

2. O Consello Reitor terá as seguintes funcións:

- a) Establecer anualmente as directrices do Fondo para a compra de créditos de carbono.
- b) Establecer os criterios e requisitos de selección das reducións verificadas de emisións que poidan ser obxecto de adquisición polo Fondo de acordo co previsto no artigo 7, incluíndo a aprobación da metodoloxía para o cálculo das reducións de emisións para estes proxectos.
- c) Efectuar o seguimento e a avaliación da actividade do Fondo para a compra de créditos de carbono.
- d) Aprobar as adquisicións de créditos de carbono por un importe superior a 20 millóns de euros.
- e) Autorizar as operacións de vendas de créditos de carbono.
- f) Aprobar os orzamentos de explotación e capital.
- g) Aprobar as contas anuais nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- h) Aprobar modelos tipo de contratación.
- i) Ditar, con carácter xeral, as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento das funcións do Fondo.

Artigo 15. *Comisión executiva.*

1. A Comisión Executiva, que dependerá do Consello Reitor, estará composta pola persoa titular da Dirección Xeral da Oficina Española de Cambio Climático, que a presidirá, da Subdirección Xeral de Comercio de Emisións e Mecanismos de Flexibilidade, da Subdirección Xeral de Mitigación e Tecnoloxía, un representante da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e un representante da Avogacía do Estado do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Actuará como secretario da Comisión Executiva un funcionario da Subdirección Xeral de Comercio de Emisións e Mecanismos de Flexibilidade.

A persoa titular da Presidencia poderá invitar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, representantes doutros departamentos ministeriais e entidades do sector público, o representante das comunidades autónomas no Consello Reitor, así como persoas expertas, se o considera conveniente en función dos asuntos incluídos na orde do día, en particular, nas sesións nas cales se aborden cuestións relacionadas coas operacións previstas no artigo 7.

2. Á Comisión Executiva corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Realizar as operacións de adquisición, alleamento e xestión dos créditos de carbono de acordo coas directrices establecidas polo Consello Reitor.
- b) Propoñerlle ao Consello Reitor a aprobación daquelas operacións cuxo importe exceda 20 millóns de euros.
- c) Elaborar a proposta de orzamentos de explotación e capital.

d) Elaborar as propostas dos convenios de colaboración, encomendas de xestión ou contratos que sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións do Fondo, para a súa subscripción polo titular da Secretaría de Estado.

e) As demais previstas neste real decreto.

Artigo 16. *Encomendas de xestión e apoio técnico.*

1. A Comisión Executiva poderá solicitar asistencia técnica para calquera tarefa que considere oportuna para mellorar a xestión do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable.

Para tal fin poderá levar a cabo, a través da persoa titular da Secretaría de Estado, encomendas de xestión a entidades do sector público que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración, celebrar convenios con outras entidades do sector público especializadas en actividades que poidan ser relevantes para a actividade do Fondo, contratos e calquera outra actuación recollida na lexislación vixente.

2. O financiamento destas actuacións poderase realizar con cargo ao Fondo, en virtude do establecido no artigo 91.9 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Disposición adicional única. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

1. O Consello Reitor presentarlle á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático propostas sobre os sectores prioritarios de actuación no que se refire á adquisición de reducións verificadas de emisións derivadas de proxectos situados no territorio nacional. A Comisión de Coordinación analizará as alternativas e velará pola coherencia das actuacións do Fondo neste ámbito coas medidas aplicadas polas comunidades autónomas para reducir emisións de gases de efecto invernadoiro.

2. Periodicamente, o presidente do Consello Reitor informará a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático da actividade do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.23.^a e 25.^a da Constitución, polos que lle corresponde ao Estado a competencia sobre lexislación básica sobre protección do ambiente e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Medios persoais e materiais.*

As necesidades de medios persoais e materiais que comporte a creación e funcionamento dos órganos de goberno do Fondo atenderanse cos recursos existentes na Secretaría de Estado de Cambio Climático, sen que poidan implicar incremento de dotacións ou retribucións. A participación nos órganos de goberno do Fondo, así como a presenza de invitados, non suporá indemnizacións por razón do servizo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO